

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 26/07/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 26/07/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18-jul-2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/2394

Dáse conta de escrito presentado por D. Eulogio Moledo Muñiz solicitando a instalación dun espello na Rúa Costiña nº 26, Rubiáns, para facilitar a incorporación á circulación de vehículos que saen da citada propiedade.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espello efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, ao tratarse dunha saída do inmovible en que o turismo ten que invadir parte da calzada para ver se se achega algún vehículo, atopándose nunha zona lixeiramente curva e tratarse dunha vía lixeiramente estreita (4,00 m. ancho na zona da saída).

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación

PRP2022/2437

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Ozona Consulting SL para o subministro de oito monitores LCD HP Business E243m (23,8"), por un importe total de 1.388,02 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2488

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PEYCAR PONTEVEDRA SL para subministro de vestiario e EPIs para o persoal da brigada de prevención e extinción de incendios forestais (5 traballadores: 1 capataz, 1 peón condutor e 3 peóns), por un importe total de 4.362,05 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2489

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por IDDUN CONSULTING AROUSA SL para a impartición do curso de formación obrigatorio en materia de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas, dirixido ao persoal da brigada de prevención e extinción de incendios forestais, por un importe total de 1.290,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2492

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Producciones Segurana SL, para subministro de pezas para o palco, por deterioro das existentes, por un importe total de 6.240,58 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2493

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Toldos Gómez SL para confección de lonas para carpas plegables, para reposición das existentes, por un importe total de 1.839,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2495

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a campaña publicitaria da Festa da Auga 2022, con cargo á partida 926.22602, coa seguinte desagregación:

Campaña publicitaria "Festa da Auga - Volvemos" VALADOS E MARQUESIÑAS	
Aluguer 12 valados a Espacio Publicidad SL	1.887,60 €
Impresión e colocación dos valados a Oia Publicidad SL	1.379,40 €

Impresión, colocación e retirada das 30 marquesiñas a Bañosprint SL	3.303,30 €
Cesión de fotografías, a razón de 250 € por cada un dos 12 profesionais	3.630,00 €
TOTAL	10.200,30

Fáise constar que deberan facilitarse os datos fiscais dos/as profesionais que ceden as fotografías co fin de poder realizar o correspondente pago. Os autores son: Vitor Mejuto, Martina Miser, Mónica Irago, José Luis Abalo, Mónica Ferreirós, José Luiz Oubinha, Juan Carlos Roma, Xosé Rañó, Noé Parga, Gonzalo Salgado e Iñaki Abella, profesionais que publicaron as súas instantaneas nas principais cabeceiras da Comunidade: La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Grupo El Progreso-Diario de Pontevedra, Grupo Ideal Gallego-Diario de Arousa e El Correo Gallego. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2558

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xuño de 2022 de aprobación do orzamento para subministro de roupa e material de protección no traballo para o persoal contratado para a realización da obra ou servizo denominado "Conservación e Acondicionamento de Infraestruturas Municipais e Zonas Verdes 2022" (15 persoas), por importe total de 1.807,07€ (IVE incluído), figurando no mesmo:

...)aprobar o orzamento presentado por Equipamentos Obreiro SL...

E debendo figurar:

...)Aprobar o orzamento presentado por SEGURLAIN 2020, SL.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2022/2572

Dáse conta do escrito presentado por D. Santiago José Perez Otero, solicitando autorización para ocupación da vía pública na Praza de Galicia o día 29 de xullo de 2022, en horario de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas, para a realización dun casting de concursantes da nova tempada de "Atrápame se podes" (concurso producido por Voz Audiovisual SAU para TVG).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

RECURSOS HUMANOS

PRP2022/2350

Dáse conta de escrito do Concello de Sanxenxo solicitando a colaboración por reforzos puntuais

con policías locais deste Concello, do 1 de xullo ata o 11 de setembro, todas as noites de xoves a sábado, debido ao incremento de poboación e actividades de ocio nocturno, cunha remuneración por quenda completa de reforzo de 240 €.

Visto informe do Oficial Xefe Acctal. da Policía Local e do Negociado de Recurso Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colaboración sobre prestación de servizos de gardas de Policía Local no Concello de Sanxenxo de conformidade co solicitado.

PRP2022/2473

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de xuño de 2022, por un importe total de 8.250,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	5	x 130,00 €	---	x 110,00 €	650,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
Dª MATILDE LAYA LORENZO	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
Dª INMACULADA DIEZ VILLARROYA	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00 €
D. RAUL SANTAMARIA GONZALEZ	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
D. XOSÉ LOIS LEIROS GUDE	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
TOTAL					6840,00 €

PRP2022/2475

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de xuño de 2022, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/2444

De acordo co informe emitido pola Coordinación do Centro de Servizos Sociais, e a proposta da Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores a Xunta de Goberno Local acorda:

1- Aprobar a proposta de Ferrovial Servizos SA en relación á compensación económica ao Concello de Vilagarcía de Arousa polas ofertas de mellora de axudas técnicas non aportadas á finalización do contrato:

- a. Compensación das axudas técnicas vendidas a Aralia (6 grúas e 1 cadeira de rodas)= 2.900,00 €
- b. Compensación de axudas técnicas ofertadas restantes (3 grúas, 19 cadeira de rodas, 20 sillas ducha-bañeira)= 8.574,50 €

2- A empresa Ferrovial Servicios S.A deberá proceder ao ingreso da totalidade dos importes sinalados na conta bancaria ES88 2080 0522 9031 1000 0019, titularidade do Concello de Vilagarcía de Arousa, e a presentación por sede electrónica do xustificante bancario da citada transferencia; momento no que se procederá á devolución da fianza para a prestación do SAF. Dar conta á Tesourería Municipal aos efectos oportunos, así como ao Departamento de Contratación.

PRP2022/2447

Vista a proposta dos Servizos Sociais a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga da 1º liquidación de 2022 (correspondente á primeira metade do curso escolar 2021/2022) en réxime de cofinanciamento das Escolas Infantís A Galiña Azul xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polos seguintes importes, con cargo á partida 323.22611:

- Escola Infantil de Vilagarcía- Carril (67 prazas): 30.150,00 €
- Escola Infantil de Vilagarcía- Vilaxoán (73 prazas): 32.850,00 €

PRP2022/2448

Vista a proposta dos Servizos Sociais a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga da 1º liquidación de 2022 (en réxime de cofinanciamento do centros de día xestionado a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguinte importe, con cargo á partida 231.22646:

- Centro de Día de Vilagarcía de Arousa (10 prazas): 12.500,00 €

PRP2022/2449

Vista a proposta dos Servizos Sociais a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases para o servizo Conciliatardes do curso 2022/2023:

- Prazo de solicitudes: do 26 de xullo ao 12 de agosto de 2022.
- Publicación da listaxe provisional de admitidos/as: 5 de setembro de 2022
- Prazo de presentación de subsanación de documentación e reclamacións: 12 de setembro de 2022.
- Publicación de listaxe definitiva de admitidos/as o día 26 de setembro de 2022.

PRP2022/2500

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Xoga Organización de Xordos de Galicia para o servizo de doblaxe en lingua de signos do Pregón das Festas de San Roque, por un importe total de 144,00 €, con cargo á partida 338.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Extracto da Sesión da Xunta de Goberno Local de 18 de xullo de 2022
Extracto da Sesión da Xunta de Goberno Local de 18 de xullo de 2022

PRP2022/2536

Dáse conta do escrito presentado por Dona Elixabete Domínguez Rodríguez, o día 15 de xullo de 2022, como delegada de persoal das traballadoras do SAF de Vilagarcía, comunicando que a Empresa Aralia está incumprindo o contrato do servizo en base ao disposto na Sentenza nº 95/2022 da Audiencia Nacional.

A Xunta de Goberno Local acorda reiterar o acordo de Xunta de Goberno Local de data 21 de marzo de 2022, indicando á empresa Aralia SL que de non cumprirse conforme ao contrato do servizo de axuda no fogar e o Convenio Colectivo de aplicación imponense as sancións oportunas, previa tramitación do expediente correspondente.

No acordo de Xunta de Goberno Local de 21 de marzo indicábase que conforme co sinalado no punto 16.9.1 do prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación do servizo a empresa debe cumprir o II Convenio Colectivo para a actividade de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, é dicir, a empresa contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación. En todo caso, o adxudicatario está obrigado a cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ó Convenio Colectivo sectorial de aplicación que establecen unha subida salarial do 6,5%. Esta obriga terá o carácter de condición especial de execución e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas na cláusula 19 do prego.

Notificar o presente acordo á Empresa Aralia SL e á Sra. Dominguez Rodríguez.

EMPREGO

PRP2022/2451

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras da Convocatoria do Concello de Vilagarcía de Arousa de Subvencións a Empresas para a contratación de traballadores/as desempregados/as por conta allea, por importe total de subvencións de 45.000,00€ con cargo á partida 241.470, podendo ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, que formalicen, para prestar servizos nas mesmas, contratos por conta allea con traballadores/as empadroados/as no Municipio de Vilagarcía de Arousa cunha antigüidade mínima de un ano no padrón no momento de iniciarse a contratación, contratadas a tempo completo mediante contratos indefinidos formalizados entre o 1 de decembro de 2021 e o 30 de setembro de 2022.

A convocatoria realizarase a través da BDNS. Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou, no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas, na Sede Electrónica do Concello “sede.vilagarcia.gal” e na páxina web do

Concello www.vilagarcia.es e na BDNS

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 15 de outubro de 2022 ou ata esgotar o orzamento, e se contará a partir do día seguinte á data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

PRP2022/2465

O punto dixital municipal é un servizo ao alcance dos cidadáns dende o que teñen á súa disposición apoio técnico para asistencia ás tramitacións telemáticas coa administración electrónica, ao tempo que implica un punto de auxilio para as relacións dixitais habituais da cidadanía.

A entrada en vigor das leis 39/2015 e 40/2025 implicou un incremento no número de tramitacións pola canle electrónica. Posteriormente a crise sanitaria derivada do Covid 19 supuxo un novo incremento no número de trámites e xestións que os cidadáns deben levar a cabo por esta vía, polo que se fai preciso a prestación do servizo de asistencia técnica ao cidadán a través do punto de apoio dixital municipal.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o gasto polo importe base de licitación, con cargo á dispoñibilidade orzamentaria existente.

SEGUNDO. Adxudicar o presente contrato menor de servizos á empresa CDF -CONSULTORIA Y GESTIÓN FORMATIVA SL, NIF: B-06828834, con cargo á partida 920.22799, por un importe total de 17.787,00 € (1.482,25 €/mes) (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

- Con cargo á anualidade de 2022 por importe de 5.929,00 € (agosto a novembro 2022).
- Con cargo ao orzamento de 2023 por importe de 11.858,00 € (decembro 2022 a xullo 2023)

O aboamento levarase a cabo mediante facturación mensual do servizo, segundo se indica no cadro seguinte:

TERCEIRO. Dispoñer que se cumpran as obrigas de publicidade de contratos menores previstas nos artigos 63.4 e 118 da LCSP e 8.1 a) da lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2467

Dáse conta da xustificación final da subvención para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia 2021 (Expte. TR351F 2021/13-5), coa seguinte desagregación:

- Subvención ingresada pola Administración: 156.030,30 €
- Subvención Xustificada pola Entidade: 128.582,16 €
- Diferencia (Remanente): 27.448,14 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda ao ingreso do remanente na conta do Tesouro da Xunta de Galicia.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/2434

Logo de celebrada a V edición do Festival Internacional de Música clasclás, que tivo lugar entre o 27 de xuño e o 2 de xullo de 2022, compre proceder a dar conta a XGL da liquidación que ten remitido Ataquilla referida aos dous concertos de pago do Festival que tiveron lugar os días 28 e 29 de xuño.

O importe que estaba previsto ingresar foi aprobado na sesión da XGL de 16/05/2022 PRP2022/1555 e ascendía a 7.137,60 €, pero por erro nalgunha cantidade o importe que ten ingresado Ataquilla ascende a 7.275,00 €, o que supón 138 € a maiores do inicialmente previsto.

Por elo, Ataquilla ingresou o pasado xoves 14 de xullo de 2022 o importe correspondente da liquidación total de 7.275,00 € na conta bancaria que o Concello de Vilagarcía de Arousa ten na entidade ABANCA co seguinte IBAN ES59 2080 3122 1031 10000076.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/2436

Dáse conta da Memoria do Curso Académico 2021-22 do Conservatorio Profesional de Música e remisión da documentación do fin de curso ó Servizo de Inspección Provincial de Educación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e datos de matriculación curso académico 2022-23.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/2559

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2022 de aprobación orzamento presentado pola Empresa Iluminaciones Santiaguesas SL para subministro dun letreiro luminoso para o Festival Internacional de Música Clasclas, figurando no mesmo:

... do proxecto con código 2022-3-CRRTE-3 do orzamento do Festival.

E debendo figurar:

... do proxecto con código 2022-3-CRRTE-6 do orzamento do Festival.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/2469

Dáse conta de recurso de reposición interposto por D. Mariano de la Torre Aguilar contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 30 de maio de 2022, reiterando a petición de retirada de obstáculos diante do edificio nº 21 de Praza RAvella co fin de facilitar un espazo para a correcta actuación dos bombeiros.

A Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso de reposición presentado, confirmando o acordo de Xunta de Goberno Local de data 30 de maio de 2022 en base ao informe emitido polo Xefe do Servizo Municipal de Emerxencias a que se facía referencia no citado acordo.

PRP2022/2575

O día 28/06/2022 publicouse no DOG as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023.

O artigo 2.1.a) establece que poderán ser beneficiarias destas axudas os concellos situados na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional.

Consonte o artigo 8 da Orde poderán ser obxecto de subvencións os investimentos na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional referidos a:

a. iniciativas públicas desenvoltas por concellos que supoñan actuacións efectivas de conservación da biodiversidade e que supoñan un mínimo de 35 hectáreas de mellora. As actuacións subvencionables serán do tipo: realización de actuación de conservación de hábitats terrestres e especies, restauración de ecosistemas degradados, de conservación da biodiversidade, así como actuacións de eliminación e control de especies exóticas invasoras.

O punto 5.a) deste mesmo artigo regula o importe e intensidade da axuda e establece que se subvencionará o 100% do investimento subvencionable no caso de concellos, ata un importe máximo de axuda de 100.000 €.

O artigo 8.4 dispón como gasto non subvencionable o IVE, entre outros.

O artigo 3 desta Orde establece as obrigas dos beneficiarios, entre as que están desenvolver un sistema de contabilidade separado e específico en relación con estas subvención ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables e o artigo 26 establece as obrigas en relación coa publicidade.

A axuda é de carácter bianual pero ten que terse en conta que as actividades subvencionables deben comezar no presente exercicio 2022 e deben rematar no exercicio 2023.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para a realización de diversas actuacións de restauración e mellora de espazos degradados en distintos puntos do término municipal, conservación de hábitats terrestres e especies, así como actuacións de eliminación e control de especies invasoras exóticas, por unha cantidade de 98.500 euros IVE non incluído de acordo coa seguinte desagregación nas anualidades 2022 e 2023, aceptando os requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención:

	IMPORTE SUBVENCIONABLE	ACHEGA MUNICIPAL (IVE)	TOTAL
ORZAMENTO PROXECTO	98 500 €	20 685 €	119 185 €
ANUALIDADE 2022	9 000 €	1 890 €	10 890 €
ANUALIDADE 2023	89 500 €	18 795 €	108 295 €

Dado que o IVE non é subvencionable, o Concello comprométese a achegar a cantidade de 20 685 euros por este concepto, desagregado en 1.890 euros na anualidade 2022 e 18.795 euros na anualidade 2023.

TURISMO

PRP2022/2456

Dáse conta do convenio asinado coa Entidade New Live Promociones Culturales, S.L., con CIF B94136066, para a concesión directa dunha subvención por importe de 35.000 € con cargo á partida 432.48002, para a celebración do ATLANTIC FEST 2022, dende o 15 ao 17 de xullo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio e o

recoñecemento de obriga con cargo á partida indicada.

PRP2022/2457

Ao abeiro da ORDE do 27 de decembro de 2021, da Consellería do Mar, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2022, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155A), ao Concello foille concedida subvención para o proxecto TURISMO MARIÑEIRO EN VILAXOÁN E VISITA VIRTUAL, por un importe total de 17.231,31 €, cun financiamento do 10% do gasto.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar a execución dos distintos traballos, ás seguintes empresas, con cargo á partida 432.62700:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE ENGADIDO)	ADXUDICATARIO
6 Paneis en chapa aceiro corten	3.600,96 €	FORJAROUSA, S.L. CIF 94149390
Impresión dos vinilos a colocar nos paneis	514,37	VISUAL GRAPHIC IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L. CIF B36892016
Sinal en forxa indicativa da distancia ata Santiago	452,54	FORJAROUSA, S.L. CIF 94149390
Silueta dunha peregrina nunha lámina de aceiro corten	526,35	FORJAROUSA, S.L. CIF 94149390
Elaboración dos textos dos paneis, deseño, gravación das audioguías en galego e castelán, creación dos códigos QR e deseño dos carteis promocionais da ruta	2.789,05	CARLOS CRESPO GÓMEZ CIF 15373039T
Tradución de 6 audioguías	1.347,94	CAVAN IDIOMAS, S.L. CIF B94101748
Visita Virtual por Vilaxoán	8.000 €	XOIA SOFTWARE DEVELOPMENT, S.L. CIF B94158714
TOTAL	17.231,21	

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2022/2433

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da concesión dunha subvención de 45.000,00€ pola Secretaria Xeral da Igualdade (máximo subvencionable) para o Programa de Apoio aos Centros de Información á Muller (CIM), expte SI427B2022/46.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/2471

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a ubicación dun Punto Lila seguro contra as agresións machistas durante a Festa da Auga 2022, a noite do 15 ao 16 de agosto, por un importe total de 1.764,60 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

- Orzamento de APAIOGA -G36455863, polo servizo de información, sensibilización, coordinación e atención Punto Lila, por importe de 1.450,00 € (IVE exento), con cargo á

partida 2312.22799.

- Orzamento de BAYGAR SL polo aluguer de caseta e transporte, por importe de 314,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.203

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2022/2462

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a impartición dunha conferencia sobre a obra de D. Antonio Machado no tempo da literatura franquista, a cargo de D. Xesús Alonso Montero, o sábado 6 de agosto no Parque de A Xunqueira, por un importe de 300,00 €, con cargo á partida 334.22609.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2501

O pasado mes de maio celebrouse a semana do Día das Letras Galegas, cunha programación acorde coa celebración en homenaxe a D. Florencio Delgado Gurriarán. A programación e o orzamento previsto foi aprobado na Xunta de Goberno Local do 2 de maio de 2002 (EXPEDIENTE: CULT/2022/00053).

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación de gasto no expediente do Día das Letras Galegas, por un importe total de 550,00 € (IVE incluído) a favor de Empresa Pereira SL, con cargo á partida 334.223, coa seguinte desagregación:

CONCEPTO	UDS	PREZO
Traslado grupo escolares Colexio O Piñeiriño	1	100,00 €
Traslado grupo escolares IES Castro Aobre	2	200,00 €
Traslado grupo escolares Colexio Anexo A Lomba	2	200,00 €
TOTAL	5	500,00 €
IVE	10%	50,00 €
TOTAL		550,00 €

PRP2022/2583

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2022 de aprobación gastos correspondentes ao Centro Cultural de Bamio, figurando do mesmo:

Concepto	Importe	Provedor
Subministro de material diverso	1.022,45 €	CASTROMAN I SL
Obradoiro iniciación á cerámica	750,00 €	FUNDACIÓN TERRA TERMARUM CASTROLANDIN

E debendo figurar:

Concepto	Importe	Provedor
Subministro de material diverso	1.002,45 €	CASTROMAN I SL
Obradoiro iniciación á cerámica	750,00 €	FUNDACIÓN TERRA TERMARUM CASTROLANDIN

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

CONTRATACIÓN

PRP2022/2461

Dáse conta do expediente de contratación CT 04/2022 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria e mediante licitación electrónica, para adxudicar as obras incluídas no Proxecto denominado "Mellora de accesibilidade, 2ª Fase 2020, nas Rúas Doutor Tourón, rúa Marxión e Urbanización O Piñeiriño", cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos - Plan Concellos 2022/2023, cun orzamento de licitación de 150.000,00 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B36816189 CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU

NIF: B36162030 CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L

NIF: B36239861 EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.

NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U

NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A.

NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.

NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

NIF: B36163418 NAROM SL

NIF: B70045497 REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.

NIF: B70372032 SERGONSA SERVICIOS, S.L.

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	Oferta IVE excluído	Baixa	%baixa	Desv. Da media
REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.	102.364,00 €	-21.602,94 €	-17,43	-12,38
NAROM SL	115.004,13 €	-8.962,81 €	-7,23	-1,56
MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L	115.586,77 €	-8.380,17 €	-6,76	-1,06
MONCOSA OHS, S.A.	116.528,93 €	-7.438,01 €	-6,00	-0,25
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA	117.644,63 €	-6.322,31 €	-5,10	0,70
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L	118.840,00 €	-5.126,94 €	-4,14	1,73
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	118.933,88 €	-5.033,06 €	-4,06	1,81
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U	119.628,10 €	-4.338,84 €	-3,50	2,40
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	119.950,41 €	-4.016,53€	-3,24	2,68
SERGONSA SERVICIOS SL	123.742,00 €	224,94 €	-0,18	5,92

Os licitadores que incorren en valores anormalmente baixos son:

REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.

NAROM SL

MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.

As empresas NAROM SL e MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L. non responderon ó requirimento polo que se entende que se autoexclúen da licitación.

A única que presentou, en tempo e forma, a documentación xustificativa da viabilidade da súa oferta foi REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L. que se procede a analizar de xeito individualizado.

Dáse conta do informe técnico do Arquitecto Municipal en relación coa xustificación de oferta anormalmente baixa presentada polos seguintes licitadores, no que se propón DESESTIMAR as xustificacións presentada por REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L., para que o órgano de contratación o teña en consideración cando tome o correspondente acordo de adxudicación.

Tamén se propón excluír a “NAROM S.L.” e máis a “MONTAJES IGLESIAS S.L.” por non ter dado resposta ó requirimento de xustificación.

Unha vez evacuados os informes polos servizos técnicos municipais, procédese á valoración das proposicións de conformidade aos criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, co seguinte resultado:

LICITADOR	Oferta excluído	IVE	Puntos oferta económica	Aumento garantía	plazo	Mejora docum. técnica	TOTAL PUNTOS
REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.	102.364,00 €		30,00	30		40	100,00 EXCLUÍDA
NAROM SL	115.004,13 €		12,45	30		40	82,45 EXCLUÍDA
MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.	115.586,77 €		11,64	30		40	81,64 EXCLUÍDA
MONCOSA OHS, S.A.	116.528,93 €		10,33	30		40	80,33
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	117.644,63 €		8,78	30		40	78,78
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L	118.840,00 €		7,12	30		40	77,12
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	118.933,88 €		6,99	30		40	76,99
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U	119.628,10 €		6,03	30		40	76,03
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	119.950,41 €		5,58	30		40	75,58
SERGONSA SERVICIOS SL	123.742,00 €		0,31	30		40	70,31

De acordo á avaliación das propostas aportadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordfo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B70045497 REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L. Proposto para la exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B36163418 NAROM SL. Proposto para la exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 82.45

Total puntuación: 82.45

Orde: 3NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L. Proposto para la exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 81.64

Total puntuación: 81.64

Orde: 4NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A. Proposto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 80.33

Total puntuación: 80.33

Orde: 5NIF: B36239861 EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 78.78

Total puntuación: 78.78

Orde: 6NIF: B36162030 CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 77.12

Total puntuación: 77.12

Orde: 7NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 76.99

Total puntuación: 76.99

Orde: 8NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 76.03

Total puntuación: 76.03

Orde: 9NIF: B36816189 CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 75.58

Total puntuación: 75.58

Orde: 10NIF: B70372032 SERGONSA SERVICIOS, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 70.31

Total puntuación: 70.31

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A exclusión da licitación, "Mellora de accesibilidade, 2ª fase, nas rúas Doctor Tourón, rúa Marxión e Urbanización O Piñeiriño, cofinanciado polo Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023; polos motivos expresados nos informes do arquitecto municipal de data 3 de xullo de 2022, ás empresas que a continuación se indican: REVCOM Energías Renovables, S.L, Narom, S.L. y Montajes J.M. Iglesias, S.L.

2.- A a adxudicación do contrato de obra denominado "Mellora de accesibilidade, 2ª fase, nas rúas Doutor Tourón, rúa Marxión e Urbanización Ou Piñeiriño, cofinanciado polo Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023, á mercantil Moncosa OHS, S.A. (A15050958), por importe de 116.528,93€ (IVE excluído) á que lle corresponde un IVE, 21%, de 24.471,08€, o que totaliza un importe de adxudicación de 141.000,01€, con cargo á aplicación orzamentaria 1530 61900 de estado de gastos de exercicio 2022, ao presentar a mellor oferta calidade prezo de acordo con os criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación e que inclúe as seguintes melloras:

- Aumento do prazo de garantía fixado nos pregos que rexen a licitación en 3 anos, (prazo de garantía total do contrato: 4 anos).

- Mellora da documentación técnica a presentar unha vez finalizados os traballos: entrega, no prazo de 1 mes a contar desde a data de acta de recepción, dos planos da rede de saneamento instalada en ficheiro formato Shape con proxección ETRS 89 UTM 29, asociados a ficheiros de datos, de acordo coas especificacións establecidas no anexo VI do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación.

PRP2022/2581

